



## XUNTA DE GALICIA

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONCELLO DO CARBALLIÑO EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL, CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO COLABORANDO NOS GASTOS DE PERSOAL E MANTEMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL EMERXENCIAS E PROTECCION CIVIL

#### REUNIDOS

Dunha parte D. Alfonso Rueda Valenzuela, que actúa en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, que regula a Xunta e a súa presidencia, e o artigo 2 da Resolución de 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

D. Francisco José Fumega Piñeiro, alcalde do Concello do Carballiño, no nome e representación de dita entidade local, e en virtude das atribucións que lle confiren os artigos 21.1b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1 a) e o artigo 61.1º.a) da Lei do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

#### EXPOÑEN

**Primeiro.-** O Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, dispoñen que esta vicepresidencia e consellería, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias que, en materia de protección civil, ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.

**Segundo.-** O artigo 6 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dispón que as administracións públicas poden asinar convenios de colaboración coas corporacións locais ou con outros entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado.

**Terceiro.-** O artigo 23 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio, polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia,



## XUNTA DE GALICIA

prevé que a Xunta de Galicia poderá establecer convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

**Cuarto.-** De acordo cos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, entre as competencias que, no que atinxe ás relacións coas entidades locais galegas, lle corresponden á Xunta de Galicia están ás de cooperación e colaboración, podéndose estas materializarse mediante a subscripción de convenios.


**Quinto.-** Os artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia establecen que a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

**Sexto.-** Os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, dispoñen que os municipios deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre as que se atopan a seguridade en lugares públicos, a protección civil e extinción de incendios polo que teñen necesidade de contar con medios para poder facer fronte as súas competencias, compartidas e concorrentes, en materia de protección civil e emerxencias.

**Sétimo.-** Que entre os medios e recursos mobilizables pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, é conveniente contar en determinados momentos, ademais dos seus propios, con medios dos que ela non dispón, sendo obxecto deste convenio a colaboración co concello en materia de protección civil e emerxencias entendendo a mesma como a seguridade dos cidadáns e os seus bens, a través do coñecemento da mesma e poñendo en valor o interese da prevención e socorro así como a practica individual e colectiva da autoprotección, como medidas primordiais para evitar riscos o cando menos minorar as consecuencias dos posibles accidentes.

Dado que estas funcións son exercidas de forma exclusiva no territorio do concello pola entidade municipal, non é polo tanto de aplicación os principios de publicidade e concorrencia pública, de acordo co establecido no artigo 19.4 e 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia na Administración Pública Galega.

**Oitavo.-** En consecuencia, e segundo o previsto no artigo 6 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, a Xunta de Galicia a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello do Carballiño subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que se desenvolverá de conformidade coas seguintes:





# XUNTA DE GALICIA

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases para a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e o Concello do Carballiño, en materia de protección civil contra incendios e salvamento e emerxencias.

A tales efectos colaborárase economicamente con esta entidade no mantemento dun servizo de atención a emerxencias e protección civil no Concello do Carballiño e concellos limítrofes.

### Segunda.- Obrigas da Xunta de Galicia

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza colaborará no mantemento do servizo de atención a emerxencias e protección civil mediante unha axuda económica de oito mil euros (8000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.25.212A.460.1 e código de proxecto 2015 00107 dos orzamentos do ano 2016.

### Terceira.- Obrigas do concello

O Concello do Carballiño colaborará co organismo da Xunta de Galicia con competencia en materia de protección civil, na xestión de emerxencias de ámbito local ou comarcal cando así fora requirido polas autoridades de protección civil, así como na organización e realización de operativos, exercicios, simulacros e divulgación, no desenvolvemento dos plans territoriais e especiais de protección civil e na prevención e autoprotección de riscos e accidentes entre as institucións, organizacións e a cidadanía en xeral.

### Cuarta.- Libramento dos fondos

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, colaborará nos custos que xeren as actividades obxecto do presente convenio, reflectido no orzamento global de previsión de gastos (anexo I).

O libramento dos fondos ao Concello do Carballiño por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, efectuarase en dúas fases, un primeiro pago de seis mil catrocentos euros (6400 €), que será aboado á sinatura do convenio, de acordo ao establecido no artigo 63.1 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, o que supón un pago anticipado do 80 %, con entrega de fondos con carácter previo á xustificación, e a cantidade restante ata



## XUNTA DE GALICIA

completar os 8000 € totais, serán sufragados ao remate das actividades do convenio, previa remisión por parte Concello do Carballiño á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior dos seguintes documentos:

- A conta xustificativa dos gastos totais realizados na que se inclúa a descrición clasificada dos gastos de persoal, identificando na mesma, o correspondente ao salario bruto e custo da Seguridade Social e, de ser o caso, unha lista doutros gastos de funcionamento, xunto coa documentación acreditativa, tendo en conta que a cantidade máxima que se obriga a aportar esta vicepresidencia e consellería é de oito mil euros (8000 €) que se reducirá na mesma proporción á cantidade xustificada respecto do orzamento total (anexo I).
- Certificación realizada pola intervención ou polo órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade, do cumprimento do obxecto do convenio e do gasto realizado que foi efectivamente pagado, onde se indique que o concello ten efectuadas as contratacións e altas na Seguridade Social dos traballadores que forman parte da estrutura do servizo municipal de emerxencias, protección civil, contra incendios e salvamento. Xuntaranse as copias dos contratos e os partes de altas á Seguridade Social, de acordo co previsto nos artigos 28.5 e 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Facturas e xustificantes de pagamento correspondentes aos gastos totais realizados. Considéranse xustificantes de pagamento válidos unicamente os extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo concello.
- Declaración do conxunto das axudas percibidas para o mesmo fin das administracións públicas competentes ou doutros entes públicos, esta declaración tamén se efectuará despois da sinatura do convenio, antes da percepción do anticipo.
- Declaración de cumprir cos requisitos previstos no 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coas Administracións Públicas.

Terá a consideración de gasto realizado, para os efectos do disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

No caso de non presentarse as facturas suficientes no prazo establecido ou ben non ser correctas na súa totalidade, o pago verase reducido na mesma proporción



  
4



## XUNTA DE GALICIA

que a cantidade xustificada respecto do orzamento total.

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior acompañará unha certificación na que se indique o cumprimento, por parte da Concello do Carballiño, das obrigas contidas neste convenio.

Toda a documentación xustificativa descrita nesta cláusula deberá estar en poder da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a máis tardar, o 30 de novembro de 2016.

### **Quinta.- Publicidade**

Este convenio será obxecto de publicación de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006, e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo e, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao Diario Oficial de Galicia do extracto da convocatoria para a súa publicación.

### **Sexta.- Facultades de inspección**

O Concello do Carballiño comprométese a someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedinte, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que puidesen realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará calquera información que lle sexa requirida no exercicio desas actuacións. En especial, deberán facilitar a información que lle sexa requirida por esta vicepresidencia e consellería, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma ou polo Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.



## XUNTA DE GALICIA

### **Sétima.- Compatibilidade**

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Sen embargo, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, de acordo ao establecido no artigo 40.1 do decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **Oitava.- Reintegro dos fondos**

O Concello do Carballiño comprométese a comunicarlle ao órgano concedinte a modificación das circunstancias que desen lugar á concesión da subvención, en canto se coñeza, ou ben, en todo caso, con anterioridade á xustificación dos fondos percibidos.

No caso de incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en todo caso, nos supostos establecidos no artigo 33 desta lei, o Concello do Carballiño comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento establecido no artigo 37 da mesma norma legal.

### **Novena.- Comisión de seguimento**

Crease unha Comisión Mixta, constituída por dous representantes por cada unha das partes, que velará polo cumprimento das estipulacións deste convenio e proporcionará o soporte de xestión axeitado para atender os supostos que as circunstancias puideran deparar e propoñer as actuacións que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do mesmo.


Pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior:  
A persoa titular dunha subdirección xeral e un técnico/a dependente da mesma.

Polo Concello do Carballiño:  
O alcalde e o secretario/a.

### **Décima.- Causas de resolución**

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.





## XUNTA DE GALICIA

- c) Pola no presentación da documentación a que se refire a cláusula cuarta deste convenio.

### **Décima primeira.- Lexislación aplicable**

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto na Lei 5/97 de réxime local de Galicia, no Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991.

En todo o non disposto neste convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve, e a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, en canto lle sexa de aplicación.

### **Décima segunda.- Vixencia**

A data de efectos do presente convenio é dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016, se ben se considera a súa eficacia, respectos dos gastos orixinados por actividades do tipo especificado no convenio, dende o 1 de xaneiro do ano en curso.

En proba de conformidade, asínase o presente convenio por duplicado.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2016


Pola Vicepresidencia e Consellería de  
Presidencia, Administracións Públicas e  
Xustiza

O vicepresidente e conselleiro




Alfonso Rueda Valenzuela

Polo Concello do Carballiño  
O alcalde



Francisco José Fumega Piñeiro





XUNTA DE GALICIA

**ANEXO I.-**

**ORZAMENTO GLOBAL ESTIMADO DE PREVISIÓN DE GASTOS**

**Concello do Carballiño**  
**Servizo municipal de emerxencias e protección civil**

Gastos de persoal e funcionamento

8000 €

